



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

---

# I CARREIRA POPULAR DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

## Campionato Galego de 5km en ruta Vilagarcía de Arousa, 15 de xullo do 2012

O vindeiro domingo 15 de xuño celebrarase, nun circuito urbano homologado póla RFEA, en Vilagarcía de Arousa a **Iª edición da Carreira Popular Diputación de Pontevedra conxuntamente co Campionato Galego de 5 Km en ruta.**

### NORMATIVA XERAL DA COMPETICIÓN

#### Art.1.- ORGANIZACIÓN

A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Pontevedra e coa colaboración da Diputación de Pontevedra e do Concello de Vilagarcía de Arousa organizan a I Carreira Popular Diputación de Pontevedra e o Cto. Galego de 5 km en ruta.

#### Art.2.- DATA E LUGAR

Domingo, 15 de xullo do 2012 en Vilagarcía de Arousa.

#### Art.3.- HORARIOS

A proba desenvolverase ás 11:30 horas, con saída da carreira de 5 kms e chegada ao mesmo lugar da saída. O circuito da carreira será un circuito urbán e chan, os atletas deberán dar dúas voltas a un circuito homologado de 2500 metros.

A entrega de prêmios está prevista para ás 12:30 horas.

#### Art.4.- PERCORRIDO E DISTANCIA

##### Distancia

A proba celebrarase sobre unha distancia de 5000m. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo e ten un perfil na súa maioría chaira, e por asfalto na súa totalidade.

##### Percorrido

Realizaranse 2 volta ó seguinte percorrido:

SAIDA, META

##### Tempo de chegada

Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 45 minutos, polo que o control de chegada pecharase ás 12:15 horas.

#### Art. 5. CATEGORÍAS

Soamente se permitirá a participación dos atletas populares e federados das seguintes categorías:

- **Xuvenil**, nados en 1995 e 1996
  - **Júnior**, nados/as en 1993 e 1994
  - **Promesa**, nados/as en 1990, 1991 e 1992
  - **Senior**, nados/as dende 1989 ata veteranos
  - **Veteranos A**, entre 35 e 39 anos
  - **Veteranos B**, entre 40 e 44 anos
-



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

- **Veteranos C**, entre 45 e 49 anos
- **Veteranos D**, entre 50 e 54 anos
- **Veteranos E**, entre 55 e 59 anos
- **Veteranos F**, entre 60 e 64 anos.
- **Veteranos G**, entre 65 e 69 anos.
- **Veteranos H**, entre 70 e 74 anos.
- **Veteranos I**, entre 75 e 79 anos.
- **Veteranos J**, entre 80 e 84 anos.
- **Veteranos K**, entre 85 e 89 anos.
- **Veteranos L**, entre 90 e 94 anos.

Estas mesmas categorías utilizaranse para facer a clasificación tanto do campionato federado como da carreira popular.

*Segundo as normas de Competición da FGA autorízase a participación de atletas federados "estranxeiros" con licenza pola Federación Galega de Atletismo. Se non teñen licenza pola FGA só se autorizará a súa participación se se trata de:*

*- atletas portuguesas, sempre e cando non foran internacionais polo seu país nos últimos 5 anos e nunha proba similar á que vai a participar.*

*- atletas residentes en Galicia, que deberán xustificar con permiso de residencia ou traballo.*

*En ambos casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo coa normativa IAFF e mostralo se fose requirido.*

*O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do atleta de cumprir estes requisitos, aínda que se obtén un premio, deberá presentar a documentación que permita acreditar estes supostos nun prazo máximo de 5 días.*

### **Art.6.- PREMIOS**

Outorgaranse trofeos aos tres primeiros clasificados da clasificación absoluta e ao primeiro clasificado de cada categoría tanto masculino como feminino.

Os atletas federados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato os tres primeiros atletas de cada categoría (agás os atletas da categoría senior que computarán soamente na clasificación absoluta) e os tres primeiros atletas da clasificación absoluta.

### **Art.7- INSCRICIÓNS**

As inscricións poderanse facer por dúas vías dependendo do seguinte:

- **Inscricións atletas federados para o Campionato Galego de 5 km ruta:** Todos os atletas federados que desexen participar no Campionato Galego de 5 km ruta deberán formalizar a súa inscrición a través do sistema online na web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite ata o martes día **10 de xullo ás 23:00 horas**. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios,

- **Inscricións atletas populares da proba popular absoluta de 5Kms:**

As inscricións dos atletas populares faranse a través da pasarela de pago insertada na páxina online da Federación Galega de Atletismo [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org). Estará operativa dende as 10:00 horas do 25 de xuño ata ás 10:00 horas do 11 de xullo de 2012. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

Cuota da inscrición:



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

- 5 € para atletas non federados.

Todo os atletas teñen a obriga de comprobar que a súa inscrición está correctamente formalizada unha vez terminado o prazo: nas páxinas Web: [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)

### **Art.8.- ENTREGA DE DORSALES E CHIP**

Domingo día 15 de xullo a partir das 09:30 horas e ata as 10:45 horas

Todos os corredores deberán levar ben colocado o dorsal no peito e non manipular o chip incluído no dorsal.

A participación sen dorsal, co correspondente a outro corredor ou con outro que non sexa o oficial da carreira está totalmente prohibida e poderá supoñer a exclusión inmediata da carreira por parte do Xurado ou membros da Organización.

### **Art.9.- PLANO E CARACTERÍSTICAS DO CIRCUÍTO**

O plano e características do circuíto serán facilitados pola organización

### **Art.10.- CONTROL DA CARREIRA**

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ó Xuiz Árbitro da proba ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Serán descalificados os corredores/ás que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Xurado, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

### **Art.12.- AVITUALLAMENTO**

Estableceranse puntos de avituallamento durante o percorrido (mitade da carreira na proba de 5 kms) para favorecer a hidratación dos participantes.

### **Art.13.- ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega de premios realizarase na zona da meta a partir das 12:30 horas. A non presentación do propio atleta na entrega do premio será motivo da perda do mesmo. Non se entregará o premio a nengunha persoa que non sexa o propio atleta.

### **Art.14.- SERVICIOS MÉDICOS**

A organización terá á disposición dos atletas servizo médico con persoal sanitario e ambulancia.

### **Art.16.- SEGUROS DA PROBA**

A organización ten contratado un seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos para todos os participantes.

**Art.17.-** Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

**Art.18.-** Todo os atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir todos os aspectos reflexados neste regulamento.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 22 de xuño de 2012

# I Carreira Popular Deputación de Pontevedra III Campionato Galego de 5 Km en Ruta Vilagarcía de Arousa, 15 de xullo do 2012

**Circuito de 5 Km  
homologado pola RFEA.  
2 voltas de 2.500 metros.**

**Saída e Meta  
na Avda. da Mariña  
de Vilagarcía.**

